

Proposta de modificación do artigo 4 dos Estatutos da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) para a súa aprobación na Asemblea Xeral extraordinaria do 6 de marzo de 2021

De acordo cos [Estatutos da CTNL](#), é competencia da Asemblea Xeral extraordinaria a modificación dos propios estatutos. Así está recollido no artigo 15 e no artigo 39 establécese a forma de modificación.

A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria é a seguinte:

- Día: **sábado 6 de marzo** de 2021
- Hora da primeira convocatoria: **10.00 h**
- Hora da segunda convocatoria: **10.30 h**
- Lugar: en liña, a través da plataforma Jitsi Meet (<https://meet.jit.si/>)

Orde do día:

- Modificación do artigo 4 dos Estatutos por cambio de domicilio social.

Os Estatutos actuais da CTNL foron aprobados e visados no ano 2004 tras a adaptación do texto á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e modificados posteriormente no ano 2007, por mudanza do domicilio social.

O **artigo 4** dos actuais estatutos ten o seguinte texto:

O domicilio social da asociación será o seguinte: Rúa da Seca 20, 3.º D. 36002. Pontevedra. Para as actividades da asociación empregaranse outros locais asociativos, mediante acordo da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva propón a modificación deste texto polo seguinte:

O domicilio social da asociación será o seguinte: rúa de Ángel Amor Ruibal, 14, 5.º C, 36004 Pontevedra. Para as actividades da asociación empregaranse outros locais asociativos, mediante acordo da Xunta Directiva.

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL

Pontevedra, 17 de febreiro de 2021